



ANUNCIO

A Alcaldía, con data 03-01-2025, ditou a Resolución 5/2025 que a continuación se transcribe:

"RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: CHAMAMENTO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE PSICÓLOGO/A NO PROGRAMA DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE VIMIANZO DE 2024.

EXPTE. TEDEC: 2025/E001/000001

EXPTE. RELACIONADO: 2023/E001/000008

ANTECEDENTES

Por Resolución de Alcaldía núm. 1025/2023 do 13/07/2023 aprobouse a bolsa de traballo para a cobertura de postos de psicólogo/a no Concello de Vimianzo, como funcionario/a interino/a, constituída polas seguintes persoas:

	EXP.	NOME	APELIDOS	DNI*	PUNTOS
1	2023/E002/000064	SERGIO	TRILLO RAMA	***2656**	95,00
2	2023/E002/000065	TERESA	LEMA PORTEIRO	***1658**	76,00
3	2023/E002/000067	ANA	MOSCONI CADILLO	***8109**	60,48

Consta a Providencia de Alcaldía que xustifica a necesidade de provisión dun posto de psicólogo para o Programa de Servizos Sociais Comunitarios Municipais do Concello de Vimianzo do ano 2025, que contempla unha praza de Psicólogo/a que é necesario cubrir.

Consta o Informe de Intervención.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que son funcionarios interinos os nomeados para a execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento dese Estatuto.

O artigo 25.2 da LBRL recolle as materias consideradas competencias propias do Municipio, e na letra e) recóllese "Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social".



A base novena regula a constitución da bolsa de traballo e a décima as propostas de nomeamento e presentación de documentos.

O artigo 21.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local (LBRL) establece a atribución da Alcaldía para aprobar as bases de selección.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar o chamamento a Sergio Trillo Rama, o primeiro da lista, para ocupar o posto de psicólogo, como funcionario interino, para o Programa de Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2025.

[...]"

Vimianzo, 3 de xaneiro de 2025

A alcaldesa de Vimianzo

Mónica Rodríguez Ordóñez